
BASES DE PARTICIPACIÓN SELECCIÓN DE PROXECTOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA E COMISARIADO ZONA C 2026-2027

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Auditorio de Galicia, organismo autónomo que ten encomendada a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela, fai unha **chamada á presentación de proxectos** de creación artística e comisariado para a Zona C: Punto de información cultural (Rúa Preguntoiro, nº 1).

Esta convocatoria está dirixida á promoción da arte emerxente do noso país e ten como obxectivo a achega á cidadanía os discursos artísticos actuais. A Zona C convértese, así, no lugar onde creadoras/es e comisarias/os poderán atopar vías de profesionalización e de fomento do debate e a reflexión crítica, singularizando o espazo como lugar para a visibilización de proxectos específicos e efémeros.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar artistas e comisarias/os (individualmente ou como colectivo) que naceran ou residan en Galicia e que teñan unha idade inferior aos 35 anos no momento da presentación da solicitude.

Todas as persoas que presenten solicitude, sexa individualmente ou como colectivo, deberán cumprir este requisito.

Non poderán presentar solicitude aquelas persoas seleccionadas en anteriores convocatorias para a Zona C, na modalidade na que xa se teñan presentado.

3. MODALIDADES

Poderán concorrer nas seguintes modalidades:

Modalidade 1: Proxectos de creación artística

Modalidade 2: Proxectos de comisariado

Realizaranse como máximo 3 proxectos de creación artística (modalidade 1) e 1 proxecto de comisariado (modalidade 2).

En caso de non haber concorrencia ou quedaren desertas algunha das modalidades o Auditorio de Galicia poderá distribuír a contía entre os proxectos seleccionados, sempre e cando exista dispoñibilidade orzamentaria.

4. PROXECTOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA [MODALIDADE 1]

- I. Dirixido a creadoras/es do ámbito da arte contemporánea galega.
- II. Poderán presentar proxectos, de forma individual ou como colectivo, artistas que naceran ou residan en Galicia que teñan unha idade inferior a 35 anos no momento de rexistrar a solicitude. Todas as persoas que presenten solicitude, sexa individualmente ou como colectivo, deberán cumprir este requisito.
- III. Poderá presentarse un só proxecto por solicitude, de temática libre e que destaque pola súa calidade e viabilidade.
- IV. O proxecto presentado desenvolverase nos espazos expositivos do primeiro e segundo andar da Zona C.
- V. A intervención deberá respectar a arquitectura e composición estrutural do edificio, non se aceptarán intervencións que supoñan unha modificación da súa estrutura ou configuración. A proposta deberá dialogar co espazo patrimonial sen danar o seu contido actual.

4.1 Documentación que cómpre achegar á solicitude de proxectos de creación artística

Cada participante deberá achegar a través da sede electrónica do Auditorio de Galicia (**sede.compostelacultura.gal**), mediante solicitude xeral, a seguinte documentación en formato dixital e pola orde indicada:

- I. Solicitude de participación na modalidade correspondente
- II. Documento de identidade
- III. Acreditación de residencia, só no caso de que no documento de identidade figure un lugar de nacemento fóra de Galicia
- IV. Proxecto da intervención que presenta: documento PDF editable que non exceda das 10 páxinas e que conteña os seguintes apartados por esta orde:
 - a. Autoría, título e texto explicativo da intervención que se pretende realizar, preferentemente en galego (o Auditorio resérvase o dereito de reprodución)
 - b. Recreación da intervención (bosquexos ou reprodución gráfica), proposta de montaxe e deseño expositivo. No caso de traballos de videocreación ou de *performances* deberá inserirse unha ligazón onde visualizar a obra. (O Auditorio resérvase o dereito de reprodución)

- c. Currículo resumido da/do artista non superior ás 20 liñas, redactado desde a experiencia máis recente. (O Auditorio resérvase o dereito de reprodución)
- d. Orzamento desagregado por partidas que inclúa calquera gasto que a intervención xere (impostos incluídos)
- e. As/os artistas poderán achegar información sobre outros traballos nun documento pdf editable que non exceda das 5 páxinas

4.2 Dotación económica

Cada proxecto seleccionado contará cun orzamento de **4.000 € (catro mil euros, impostos incluídos)**. Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria despois de presentada a factura e unha vez inaugurada a intervención.

Este orzamento incluírá os custos que supoña a intervención (impostos incluídos) relativos á produción, ao transporte e seguro das obras expostas, ás viaxes, dietas, aloxamentos ou actividades propostas, así como aos dereitos de autoría ou a calquera outro desembolso que supoña a realización da intervención.

A montaxe, a desmontaxe e o deseño dos elementos de difusión e de calquera material que se realice da intervención correrán a cargo do Auditorio de Galicia.

A persoa ou colectivo que presente o proxecto deberá ter a capacidade de contratar coa administración pública de acordo co marco legal vixente.

Nos proxectos cuxo orzamento exceda esta cantidade as persoas participantes poderán ter achegas doutras fontes de financiamento, sempre e cando non sexan do Concello de Santiago, estean especificadas na súa proposta e non contraveñan ningunha disposición legal vixente.

5. PROXECTOS DE COMISARIADO [MODALIDADE 2]

I. Dirixida a comisarias/os dedicadas/os á práctica de comisariado entendida como a relación que desenvolven en contacto con creadores/as e profesionais, a través do discurso artístico e do deseño expositivo.

II. Poderán presentar proxectos de comisariado, individualmente ou como colectivo, aquelas persoas nadas ou residentes en Galicia que teñan unha idade inferior a 35 anos no momento de presentar a solicitude. Todas as persoas que presenten solicitude, sexa individualmente ou como colectivo, deberán cumprir este requisito.

III Poderá presentarse un só proxecto por solicitude, de temática libre e que destaque pola súa calidade e viabilidade.

IV. No proxecto a/o comisaria/o poderá traballar con artistas de calquera idade ou procedencia.

V. O proxecto presentado desenvolverase nos espazos expositivos do primeiro e segundo andar da Zona C

VI. A intervención deberá respectar a arquitectura e composición estrutural do edificio, non se aceptarán intervencións que supoñan unha modificación da súa estrutura ou configuración. A proposta deberá dialogar co espazo patrimonial sen danar o seu contido actual.

5.1 Documentación que compre achegar á solicitude de proxectos de comisariado

Cada participante deberá achegar a través da sede electrónica do Auditorio de Galicia (sede.compostelacultura.gal), mediante solicitude xeral, a seguinte documentación en formato dixital e pola orde indicada:

I. Solicitude de participación na modalidade que corresponda

II. Copia do documento de identidade

III. Acreditación de residencia, só en caso de que no documento de identidade figure un lugar de nacemento de fóra de Galicia

IV. Proxecto da intervención que presenta: documento pdf editable que non exceda das 10 páxinas e que conteña os seguintes apartados por esta orde:

a. Autoría, título e texto explicativo da intervención que se pretende realizar, preferentemente en galego (o Auditorio resérvase o dereito de reprodución)

b. Recreación da intervención (bosquexos ou reprodución gráfica), proposta de montaxe e deseño expositivo. No caso de traballos de videocreación ou *performances* deberá inserirse unha ligazón onde visualizar a obra. (O Auditorio resérvase o dereito de reprodución)

c. Currículos resumidos redactados desde a experiencia máis recente da/do comisaria/o e das/dos artistas que participen no proxecto presentado, non superior a 20 liñas para cada currículo (o Auditorio resérvase o dereito de reprodución).

d. Orzamento desagregado por partidas que inclúa calquera gasto que a intervención xere (impostos incluídos).

e. As/os comisarias/os poderán achegar información sobre outros traballos de comisariado nun documento pdf editable que non exceda das 5 páxinas.

5.2 Dotación económica

O proxecto seleccionado contará cun orzamento de **6.000 € (seis mil euros, impostos incluídos)**. Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria despois de presentada a factura e unha vez inaugurada a intervención.

Este orzamento incluírá os custos que supoña a intervención (impostos incluídos) relativos á produción, transporte e seguro das obras expostas; aos honorarios, viaxes, dietas, aloxamento de persoas comisarias e artistas, ás actividades propostas ou a calquera outro desembolso que supoña a súa realización como os dereitos de autoría ou aqueles derivados da xestión das pezas con artistas ou con fondos de coleccións.

A montaxe, a desmontaxe e o deseño dos elementos de difusión e de calquera material que se realice da intervención correrán a cargo do Auditorio de Galicia.

A persoa ou colectivo que presente o proxecto deberá ter a capacidade de contratar coa administración pública de acordo co marco legal vixente.

Nos proxectos cuxo orzamento exceda desta cantidade as persoas participantes poderán ter achegas doutras fontes de financiamento, sempre e cando non sexan do Concello de Santiago, estean especificadas na súa proposta e non contraveñan ningunha disposición legal vixente.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A comisión de valoración avaliará as propostas segundo os seguintes criterios:

– Calidade e coherencia do proxecto (75 puntos):

Viabilidade do proxecto con base na súa adaptabilidade ao espazo de intervención no primeiro e segundo andar da Zona C; optimización dos recursos económicos e materiais; conexión do proxecto coas correntes actuais de creación contemporánea e calidade e relevancia das actividades de mediación.

A mellor proposta obterá a puntuación máxima de 75 puntos, as seguintes obterán puntuacións decrecentes de menos 5 puntos.

7. CONDICIÓN XERAIS

Os importes asignados para cada modalidade están sometidos ás retencións e impostos que marca a lei.

As intervencións artísticas e de comisariado adaptaranse ao calendario proposto polo Auditorio de Galicia que se porá en contacto coas persoas seleccionadas para indicarlles o período de intervención.

Dado o traballo presencial que requiren as intervencións artísticas e de comisariado, todas as persoas seleccionadas deben ter compromiso de presenza e seguimento e deberán ter en conta a correcta exhibición e adecuación ao espazo.

Os traballos quedarán en mans das/os autoras/es, que autorizan ao Auditorio a citación do seu nome así como a reprodución gráfica da súa obra para calquera tipo de difusión ou publicación que o Auditorio considere oportuno facer dela, proporcionando o material que o Auditorio requira como textos, imaxes etc.

O Auditorio de Galicia asinará un contrato coa persoa seleccionada, no que se especificarán todas as cuestións relativas á execución do proxecto, do que será responsable último.

Todas as comunicacións que se deriven desta convocatoria e que se dirixan a calquera outra entidade ou persoa con sede ou domicilio no territorio de Galicia, así como a actividade de divulgación ou publicidade á que dea lugar (rótulos, avisos, sinais informativos, folletos, publicacións etc) e as propias prestacións do contrato (materializadas en forma verbal ou documental) realizaranse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela.

8. SELECCIÓN

O número máximo de proxectos seleccionados nas modalidades 1 e 2 será de 4 en total e dependerá da calidade e do número de proxectos que se presenten en cada unha delas.

Formarán parte da comisión de selección os servizos técnicos do Auditorio de Galicia.

A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das condicións expostas nesta resolución e a conformidade coa decisión do comité de selección, que é inapelable.

A organización resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras para o desenvolvemento dos obxectivos desta convocatoria.

A comisión de selección resérvase o dereito de declarar deserta algunha das modalidades.

9. TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

As obrigas económicas que se deriven desta contratación realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 33404 22706 de artes visuais do orzamento xeral do Auditorio de Galicia, e a súa execución queda vinculada á existencia de crédito orzamentario suficiente para levala a cabo.

Logo da selección correspondente segundo os trámites regulados nas bases desta convocatoria, os contratos que, de ser o caso, se adxudiquen serán contratos de servizos artísticos, menores pola súa contía e privados polas razóns de exclusividade artística definidas na Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Formalizarase un contrato privado entre ambas as partes onde se especificarán os contidos e alcance da intervención resultantes do proxecto artístico seleccionado.

A selección do comité de valoración non xera ningún dereito nin obriga da persoa participante co Auditorio de Galicia e viceversa, esta ten carácter de proposta que deberá ser ratificada polo órgano de contratación competente do Auditorio de Galicia.

10. DATAS

As intervencións realizaranse en 2026 e 2027 en datas acordadas entre a entidade organizadora e coas persoas seleccionadas.

As datas poderán ser modificadas polo Auditorio de Galicia segundo as necesidades da programación e do espazo. Calquera cambio será comunicado con antelación suficiente ás persoas seleccionadas.

11. DESCARGA DE PLANOS DO ESPAZO : Para elaborar o proxecto, as persoas e colectivos solicitantes poden descargar planos do espazo na web compostelacultura.gal

12. ENVÍO DE PROPOSTAS

As propostas deberán ser enviadas de xeito único a través da sede electrónica do Auditorio de Galicia (<http://sede.compostelacultura.gal>) mediante a solicitude xeral, indicando a modalidade á que se presentan.

13. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Un mes que se conta a partir do día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Auditorio de Galicia.

A participación nesta chamada de proxectos implica a aceptación total das súas bases e o Auditorio de Galicia reserva para si o dereito a interpretar as bases desta resolución sempre que sexa necesario para o seu desenvolvemento.

14. INFORMACIÓN en compostelacultura.gal e no mail exposicions@auditoriodegalicia.org